



2026/SUBCC/000006

RESOLUCIÓN RECTIFICATIVA DA CONVOCATORIA DO VI PREMIO LITERARIO PINTO E MARAGOTA PARA VISIBILIZAR E DIGNIFICAR A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO EN TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Con data 25.06.2026, polo Ilmo Sr. Alcalde, ditouse resolución pola que se aproba a convocatoria, para o ano 2026, do VI Premio literario Pinto e Maragota e a aprobación do gasto destinado ao pagamento de dito premio .

Detectado erro na parte resolutiva da amentada resolución, no que respecta á emisión do informe-proposta e da aprobación do número da convocatoria do premio, e de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, é polo que

RESOLVO:

Corrixir o erro producido na resolución do Ilmo. Sr. Alcalde, de data 25.06.2026, pola que se acorda a convocatoria, para o ano 2026, do VI Premio literario Pinto e Maragota e a aprobación do gasto destinado ao pagamento de dito premio, resultando o teor da mesma do xeito que se transcribe de seguido:

**“RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO VI PREMIO LITERARIO PINTO E MARAGOTA PARA VISIBILIZAR E DIGNIFICAR A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO EN TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA SOCIAL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
FEITOS**

Primeiro. O Concello de Pontevedra ven desenvolvendo nos últimos anos unha serie de actuacións orientadas a visibilizar e dignificar a diversidade sexual e de xénero en todos os ámbitos da vida social no marco do V Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra 2023-2026 (PEMIOMH).

Para este fin, e dentro das actividades da área de Igualdade deste Concello, creouse no ano 2020 a I Edición do Premio Literario Pinto e Maragota co obxectivo de premiar a capacidade intelectual, creativa e innovadora na temática, principal ou transversal, da diversidade sexual e de xénero dirixida tanto ao público infantil, xuvenil como adulto.

Segundo. Por providencia da concelleira delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, de 25 de maio de 2026, incóase o procedemento administrativo para convocar o VI Premio Literario Pinto e Maragota cun premio que acada unha contía de 3.000 €, sendo o seu obxectivo, como xa se expuxo, visibilizar e dignificar a diversidade sexual e de xénero en todos os ámbitos da vida social no marco do VI Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra 2023-2026 (PEMIOMH).

Terceiro. Consta no Orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o presente exercicio 2026 na partida orzamentaria 12-2311-48100, coa denominación “Premios Ernestina Otero e Pinto e Maragota”, o crédito necesario.

Cuarto.- O 03 de xuño de 2026 a Directora do Centro de Información á Muller, redacta informe ao respecto da lexislación aplicable e do procedemento administrativo a seguir na súa tramitación no que propón aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios literarios “Pinto e Maragota” para o 2026 contidas no documento con código seguro de verificación G30DRQB64YP1248X.

Quinto.- O 22 de xuño de 2026 emítese informe polo Servizo de Intervención Municipal no que se fiscaliza o expediente con cargo á aplicación orzamentaria 12-2311-48100 mediante operación 12026000037195 por importe de 3.000 €, dando a súa conformidade ao presente expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Primeiro.- A igualdade entre as mulleres e homes é un principio xurídico universal recollido nas declaracións universais e textos constitucionais dos diferentes estados.

Neste senso os artigos 9.2 e 14 da nosa Constitución sinalan que:

“Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”

Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

Segundo.- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG nº 79 o 25 de abril de 2014, venres, na súa exposición de motivos establece, entre outros argumentos, os seguintes:

“Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional estableceu que, aínda que o artigo 14 non contén unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, esta é, indubidablemente, unha circunstancia incluída na cláusula «calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social», á que debe ser referida a interdicción da discriminación.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución española no seu artigo 9.2, senta as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, ao recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de «promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social».

A lexislación internacional sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Desde a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que establece que «toda persoa ten os dereitos e as liberdades proclamados nesta declaración, sen ningunha distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición», numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humanos e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

O artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea de 2002, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: «Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual».

No ano 2011, o Consello de Dereitos Humanos da ONU aprobou a primeira resolución na que se recoñecen os dereitos do colectivo LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero....”

O artigo 1 da citada lei 2/2014, de 14 de abril determina:

“1. O obxecto desta lei é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.

2. Esta lei establece principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, e dentro do ámbito de aplicación contido no artigo 2”.

Pola súa banda, o artigo 2.1 establece que “o ámbito subxectivo de aplicación desta lei engloba todas as persoas físicas ou xurídicas, tanto no sector público coma no privado, e inclúe entidades e organismos públicos autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, e en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico”.





Para máis abastamento, no seu artigo 5 indica que *“para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou que se adopten medidas específicas a favor de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación deste título”*.

Terceiro.- Por outro lado o artigo 27 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala como competencias dos municipios atribuídas por delegación a de:

“c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.”

Cuarto.- O Decreto 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, determina no seu art. 5 como funcións dos CIM, entre outras, as seguintes:

“e) Difusión e sensibilización cidadá sobre a vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.

f) Funcionamento como canal de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.”

Quinto.- A Lei 4/23, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos LGTBI, no apartado I do seu preámbulo, indica:

“El objetivo de la presente ley es desarrollar y garantizar los derechos de las personas lesbianas, gays, bisexuales, trans e intersexuales (en adelante, LGTBI) erradicando las situaciones de discriminación, para asegurar que en España se pueda vivir la orientación sexual, la identidad sexual, la expresión de género, las características sexuales y la diversidad familiar con plena libertad.

Esta ley define las políticas públicas que garantizarán los derechos de las personas LGTBI y remueve los obstáculos que les impiden ejercer plenamente su ciudadanía. Recoge una demanda histórica de las asociaciones LGTBI, que durante décadas han liderado e impulsado la reivindicación de los derechos de estos colectivos.

Esta Ley supone un importante avance en el camino recorrido hacia la igualdad y la justicia social que permite consolidar el cambio de concepción social sobre las personas LGTBI. Ello pasa por crear referentes positivos, por entender la diversidad como un valor, por asegurar la cohesión social promoviendo los valores de igualdad y respeto y por extender la cultura de la no discriminación frente a la del odio y el prejuicio.”

Sexto.- O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Pontevedra lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

Sétimo.- A Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como a Lei 9/20017 do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia e a Ordenanza municipal reguladora aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro de 2004 (BOP núm. 190 do 30 de setembro do 2004), regulan este tipo de procedementos no tocante á concesión e outorgamento deste tipo de premios en réxime de competencia competitiva.

Oitavo.- En canto á competencia para a adopción do presente acordo de aprobación das Bases, o artigo 11 da Ordenanza municipal sinala que:

“Concederanse por convocatoria pública e polo procedemento de concurso, sendo competente para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento o Alcalde ou Presidente dos organismos autónomos si a contía da convocatoria non excede de 12.020,24 euros e da Xunta de Goberno Local ou órgano similar dos organismos autónomos se a supera.

Previo a convocatoria será preceptivo o ditame da comisión informativa correspondente, ou, no seu defecto da comisión de facenda ou similar nos organismos autónomos. O procedemento para a concesión de subvencións se iniciará de oficio e sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente e de conformidade coas correspondentes bases reguladoras.”





Dita competencia está delegada na concelleira de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía por Decreto do alcalde de 07 de abril de 2026.

Noveno.- O artigo 7.3 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira sinala que:

“As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Décimo.- O 03 de xuño de 2026 a responsable do Centro de Información á Muller, redacta informe ao respecto da lexislación aplicable e do procedemento administrativo a seguir na súa tramitación no que propón aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios literarios “Pinto e Maragota” para o 2026 contidas no documento con código seguro de verificación G30DRQB64YP1248X.

Décimo primeiro.- O 22 de xuño de 2026 emítese informe polo Servizo de Intervención Municipal no que se fiscaliza o expediente con cargo á aplicación orzamentaria 12-2311-48100 mediante operación 12026000037195 por importe de 3.000 €, dando a súa conformidade ao presente expediente.

Polo exposto, esta Alcaldía, de conformidade co Informe-proposta da Directora do Centro de Información á Muller

DECRETA:

PRIMEIRO.- Aprobar, para o ano 2026, a convocatoria do VI Premio Pinto e Maragota dirixido a visibilización e dignificación da diversidade sexual e de xénero en tódolos ámbitos da vida social no marco do V Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra 2023-2026 (PEMIOMH), ao tratarse dun instrumento axeitado para o fomento da igualdade entre as mulleres e homes, obxectivo da política de igualdade no eido da Administración municipal.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto destinado ao pagamento de dito premio con cargo á aplicación orzamentaria que se determina polo servizo de Intervención:

Aplicación	Operación	Importe
12/2311/48100	1202600003719	3.000 €

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios “Pinto e Maragota” para o ano 2026 contidas no documento con código seguro de verificación 6D1SGDMWEZNQNI05.

CUARTO.- Dispoñer a publicación do texto íntegro das bases da presente convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello de Pontevedra, www.pontevedra.gal, así coma o extracto da convocatoria no BOP e na BDNS, pechándose o prazo de presentación transcorridos 30 días naturais dende a súa publicación.”

Así o dispón e ordena o Sr. Alcalde do Concello de Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica, do que eu, como Secretario da Administración Municipal, dou fe.

